



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 196

VIII lexislatura

23 de marzo de 2010

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

3.2.3. Resolucións aprobadas

Resolucións subseguintes ao debate anual de política xeral, do día
16 de marzo de 2010

[59040](#)

8. Administración do Parlamento de Galicia

8.2. Persoal

Comunicación da convocatoria de eleccións á Xunta de Persoal efectuada polas organizacións sindicais Comisións Obreiras (CCOO) e Confederación Intersindical Galega (CIG) (doc. núm. 29092) [59068](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

3.2.3. Resolucións aprobadas

Resolucións subseguintes ao debate anual de política xeral, do día 16 de marzo de 2010

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión do día 16 de marzo de 2010 aprobou, no punto único da orde do día (Debate anual de política xeral: doc. núm. 22504. 08/DEBA-0001), e pola orde de votación que se detalla, as seguintes resolucións:

1.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reformar o marco normativo do deporte galego, nomeadamente a Lei do deporte de Galicia, antes do remate do 2010, procurando adaptala ás necesidades actuais da sociedade galega, nun marco consensuado, garantista e respectuoso coas súas particulares características.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 79 do G. P. Popular de Galicia.)

2.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar adiante a integración das competencias en materia audiovisual nun organismo público antes do mes de xullo.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 76 do G. P. Popular de Galicia.)

3.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pór en marcha no prazo dun ano o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero, en cumprimento do artigo 49 da Lei 11/2007, galega, para a preven-

ción e o tratamento integral da violencia de xénero, co obxectivo de dotar a rede galega de servizos de acollemento dun instrumento esencial para o tratamento das vítimas, e a súa plena reinserción á sociedade.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 81 do G. P. Popular de Galicia.)

4.^a Resolución

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a asegurar que a Cámara sexa a institución central da política galega, garantindo de xeito efectivo o cumprimento dos seus acordos, incluídos os de impulso, e permitindo o exercicio da función de control no que afecta á axilidade e calidade nas respostas e achegas de documentación por parte do Goberno e dos organismos dependentes.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 6 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

5.^a Resolución

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a mellorar a eficacia dos órganos xurisdiccionais da nosa comunidade mediante o establecemento de servizos comúns procesuais de execución, de acordo coa lexislación vixente.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 11 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

6.^a Resolución

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solicitar do Ministerio de Xustiza a creación urxente de xulgados específicos de violencia de xénero comarcalizados nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago, Pontevedra, Ferrol e Lugo, para

darlles servizo a estes e aos partidos xudiciais veciños, garantindo a posta á disposición das infraestruturas e dos medios necesarios para a súa posta en funcionamento no momento en que se acorde a súa creación.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 23 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

7.^a Resolución

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a fixar a liña de colaboración cos concellos para a realización de traballos de silvicultura preventiva nos núcleos rurais, axilizando a súa tramitación para a sinatura dos convenios no prazo máximo de dous meses e establecendo o remate das actuacións para o final do presente semestre, e a realizar as oportunas modificacións orzamentarias para garantir que a totalidade dos concellos poidan realizar estas actuacións cun trato igualitario.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 32 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

8.^a Resolución

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establecer axudas de colaboración para que se poidan elaborar os correspondentes plans locais de prevención de incendios.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 38 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

9.^a Resolución

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establecer medidas orientadas a paliar a crise que están padecendo as empresas e industrias, especialmente as pemes que operan no sector forestal en Galicia, a través dunha liña de axudas á transformación cunha dotación orzamentaria.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 39 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

10.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar as xestións oportunas para contratar durante o 2010 un/ha novo/a pediatra para o Centro de Saúde de Tui.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 97 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

11.^a Resolución

“O Parlamento Galego insta o Goberno galego a impulsar e a estender o novo papel da enfermaría a todos aqueles problemas de saúde para os que está capacitada legalmente a prescrición por enfermeiro/a e o seguimento de procesos crónicos así como a atención domiciliaria ao/á dependente e a coordinación sociosanitaria tanto cos dispositivos de coordinación sociosanitaria hospitalarios coma cos servizos sociais.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 201 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

12.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a mellorar a atención médica especializada, incorporando e potenciando alternativas á hospitalización tradicional que, ademais de mellorar o benestar das persoas doentes, colaboren nunha máis eficiente xestión hospitalaria como:

- 1) Unidades de cirurxía sen hospitalización.
- 2) Unidades de curta estada médica ou cirúrxica.
- 3) Unidades de dor aguda e crónica.
- 4) Unidades de hospitalización domiciliaria.

5) Hospitais de día polivalentes.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 202 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

13.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a comprometerse á licitación de obras públicas, cando menos na cantidade de 1.300 millóns de euros, e a darlle conta ao Parlamento durante o ano 2010.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 1, apartado 2, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

14.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a continuar coas medidas de eficiencia enerxética no conxunto dos edificios administrativos da Xunta de Galicia co obxecto de diminuír custos e introducir sistemas e técnicas de optimización de recursos enerxéticos no mantemento de instalacións e equipamentos públicos.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 2, apartado 4, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

15.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a continuar cos programas de eficiencia enerxética, establecendo unha liña específica de axudas para a eficiencia enerxética en vivendas que inclúa plans Renove en cuestións como mellores de tellados, peches e acristalados, fiestras, caldeiras menos contaminantes e placas solares.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 6, apartado 5, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

16.^a Resolución

“O Parlamento galego insta ao Goberno galego a potenciar a Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza Galicia-norte de Portugal e o seu impulso como espazo de encontro e de acordos que beneficien os intercambios culturais, empresariais e sociais entre ambos territorios.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 18, apartado 2, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

17.^a Resolución

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Fomentar a práctica da actividade física no conxunto da poboación galega.

2. Presentar, antes da finalización do presente ano e ante o Parlamento de Galicia, o Plan galego de infraestruturas deportivas.

3. Impulsar a creación de centros especializados para deportes específicos co fin de facilitar a mellor preparación dos nosos deportistas.

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 20 do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

18.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, para continuar no avance da reordenación do sector público

autonómico, a racionalización do gasto público e a promoción da eficacia e eficiencia no ámbito da Administración institucional, presente antes do remate do mes de setembro do ano 2010 os seguintes proxectos:

1. O Proxecto de lei do Goberno e da Administración pública da Comunidade Autónoma, que actualice a vixente Lei da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

2. O Proxecto de lei de entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, que estableza un modelo eficiente para os entes instrumentais.

3. Rematar o Plan de avaliación dos entes instrumentais dependentes da Xunta de Galicia, co obxectivo de acadar o seu redimensionamento.”

Aprobada por 62 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 1 do G. P. do Popular de Galicia.)

19.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver unha planificación estratéxica conducente a establecer un sistema portuario galego, que estaría constituído en torno a un único eixe, cunha planificación única que permitiría ofrecer servizos de transporte marítimo con criterios de competitividade, ao dispoñer de recursos suficientes, diferenciados e distribuídos para responder ás necesidades das empresas e dos clientes. Esta planificación deberá estar dirixida cara a un desenvolvemento integral dos peiraos comerciais existentes en Galicia, incluídos os de titularidade estatal, determinando as liñas de colaboración de cara a complementar as súas actividades e a desenvolver sinerxías entre eles, sen prexuízo do mantemento da súa estrutura actual de regulación e xestión territorializada.”

Aprobada por 62 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 71 do G. P. do Popular de Galicia.)

20.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, tendo en conta os estudos que está a elaborar en relación coa situación demográfica da nosa Comunidade Autónoma e co fin de acadar o máximo consenso social e político posible, presente na Cámara unha proposta de Pacto polo rexuvenecemento de Galicia que inclúa medidas para aplicar a curto, medio e longo prazo para a revitalización demográfica. Coa finalidade da súa tramitación e logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios, creárase unha comisión non permanente de estudo no Parlamento de Galicia.”

Aprobada por 62 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 59 do G. P. do Popular de Galicia.)

21.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar, no ano 2010, a extensión no territorio galego dos parques de bombeiros contraincendios e de salvamento, nomeadamente na provincia de Lugo, de xeito que se complete e consolide o sistema galego de xestión das emerxencias nese ámbito de intervención, e a impulsar no ano 2010 a constitución dos servizos de prevención de incendios, nomeadamente dos consorcios de Ourense e Pontevedra, no día de hoxe non constituídos.”

Aprobada por 62 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 3 do G. P. do Popular de Galicia.)

22.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento e a poñer en marcha no transcurso deste ano 2010 un novo plan de residuos sólidos urbanos para Galicia, realizado con perspectiva de futuro, adaptado á realidade galega e acorde coas políticas comunitarias de redución, reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos, aplicando os principios de proximidade e complementariedade dos modelos de xestión de residuos.”

Aprobada por 62 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.

(Resolución resultante da transacción elaborada a partir da proposta núm. 16 do G.P. do Popular de Galicia).

23.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que inicie as negociacións precisas para solicitar do Goberno do Estado a transferencia á nosa comunidade da xestión dos aeroportos galegos de interese xeral para poder adecualos acoidadamente ao tecido social e económico de Galicia”.

Aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 24 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 249, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

24.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego ao mantemento de entidades financeiras propias (caixas) en Galicia, adoptando as seguintes medidas:

1. Presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra o FROB.
2. Aplicación de inmediato daqueles aspectos da Lei de caixas aprobada polo Parlamento galego non recorridas perante o Tribunal Constitucional.
3. Instar o Goberno español á retirada do Recurso de inconstitucionalidade sobre a Lei galega de caixas.
4. Non participar en negociacións co Goberno español que desvaloricen a Lei de caixas aprobada polo Parlamento de Galicia.”

Aprobada por 50 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 154, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

25.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a solicitar do Goberno do Estado a redución ao tipo do 4% do IVE aplicado a todos os bens e prestacións de servizos ligados á cadea alimentaria que aínda tributan a tipos superiores, así como a mostrar a súa posición contraria á suba do IVE.”

Aprobada por 50 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 161, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

26.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir negociando co Goberno central a transferencia directa de parte dos recursos orzamentarios que o Estado lles dedica aos plans cuadrienais de vivenda, co obxectivo de acadar unha maior operatividade na execución das políticas de vivenda que necesitan os galegos e as galegas.”

Aprobada por 50 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 209, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

27.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar diante do Goberno do Estado:

1º.) A modificación do sistema de financiamento local, incorporando aos criterios de repartición para a distribución entre os concellos do importe total da participación nos ingresos do Estado o avellentamento da poboación, a dispersión poboacional e a superficie territorial.

2º.) A modificación do sistema de financiamento local para que sexan as comunidades autónomas as que distribúan entre os concellos os importes procedentes da participación nos ingresos do Estado, en función da estrutura institucional resultante da lexislación autonómica de réxime local, e

as competencias e funcións atribuídas a cada entidade local.”

Aprobada por 50 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 322, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

28.^a Resolución

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a iniciar no presente período de sesións a elaboración do proxecto para a construción dunha nova infraestrutura viaria que comunique as comarcas de Terras de Trives e Caldelas coa estrada N-120 e coa futura autovía A-72.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 37, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

29.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a concretar no prazo dun mes o anuncio realizado polo presidente da Xunta de Galicia de unificación das competencias en materia de audiovisual e a remitirllle ao Parlamento de Galicia as liñas de actuación e os obxectivos que pretende acadar neste ámbito ao longo da presente lexislatura.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 58, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

30.^a Resolución

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a cumprir co establecido na Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia, particularmente o establecido para os Bens de Interese Cultural, garantindo o acceso ao patrimonio cultural e á súa conservación e protección en xeral e procedendo de xeito urxente nos casos do castelo de Pambre e do Pazo de Meirás.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 67, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

31.^a Resolución

“O Parlamento insta o Goberno a colaborar co Estado no saneamento e na rexeneración integral da ría do Burgo.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 126, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

32.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a exercer, dentro das súas competencias, unha axeitada distribución da riqueza e de corrección das desigualdades sociais a través da política orzamentaria, retomando a progresividade do sistema fiscal.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 151, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

33.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a incrementar medios e recursos destinados á investigación da fraude fiscal, incluíndo a execución dun plan específico de actuación contra sociedades “pantalla” ou interpostas, así como contra mediadores (“testaferros”) e calquera outro método ou actuación que facilite a fraude fiscal.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 152, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

34.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a exercer un maior control sobre as hipotecas con *swatch* nas entidades financeiras propias.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 157, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

35.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a controlar os cobros de comisións bancarias e a súa adaptación á lexislación vixente nas caixas galegas.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 160, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

36.^a Resolución

“O Parlamento galego insta o Goberno galego a proporcionar oportunidades de formación especializada e a apoiar a certificación específica ás empresas galegas do sector TIC, incentivando no seu seo o desenvolvemento de contidos dixitais.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 183, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

37.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través do Igape ou do ICO, se cree unha liña de avais que cubran os posibles impagos temporais das cotas derivadas dos préstamos convidados subscritos polos adquirentes de vivendas de protección autonómica para uso propio, así como as promovidas ou rehabilitadas para uso propio ou para alugueiro. Esta medida daríalles máis seguridade aos bancos á hora de concederlles os préstamos aos adquirentes de vivendas protexidas e evitaría que moitos cidadáns que

pasan por unha situación transitoria de falta de ingresos non tivesen que perder a vivenda.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 211, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

38.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar un organismo arbitral que resolva as queixas ou reclamacións das persoas adquirentes ou usuarias de vivenda, tal e como está previsto no artigo 105 da Lei 18/ 2008, de vivenda de Galicia.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 212, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

39.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir negociando co Goberno central para que lles aplique ás vivendas protexidas o tipo superreducido do IVE (4%) en vez do reducido do 7% que se aplica na actualidade.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 213, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

40.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a executar a Plataforma Loxística de Intercambio de Mercadorías de Monforte de Lemos.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 228, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

41.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a negociar co Goberno do Estado o cumprimento dos prazos para a conexión ferroviaria de alta velocidade para pasaxeiros e mercadorías Vigo-Porto como elemento dinamizador para os sectores produtivos.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 253, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

42.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a optimizar os servizos de urbanismo provinciais dependentes da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo co fin de axilizar os procedementos de autorización na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre a partir da entrada en vigor do Decreto 449 /2009, co fin de axilizar esa nova tarefa.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 259, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

43.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que lles dea orde ás empresas concesionarias das obras de urbanización da parte correspondente á Administración autonómica e á das obras relacionadas coa dotación de servizos xerais para toda a PLISAN, co obxecto de recuperar o ritmo adecuado e poder poñer á disposición do tecido empresarial solo industrial no menor tempo.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 306, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

44.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a axilizar as obras de urbanización da parte correspondente a Administración autonómica e á das obras relacionadas coa dotación de servizos xerais para toda a PLISAN, co obxecto de recuperar o ritmo de execución previsto para estas obras e poder poñer á disposición do tecido empresarial solo industrial no menor prazo posible.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 308, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

45.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a que, a través da Dirección Xeral de Administración Local, se garanta o cumprimento do establecido na Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, no seu artigo 210.2.a), en todos os concellos galegos, no referido á periodicidade da celebración das sesións plenarias cada dous meses, a lembrarllelo a todos os concellos que non o fan e a vixiar o seu cumprimento.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 323, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.)

46.^a Resolución

“Na loita contra a crise económica e os seus efectos e para facilitarlles liquidez ás empresas e aos particulares ante a actual conxuntura de crise económica, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Establecer o sistema de “toma de razón”, posto en marcha nalgunha comunidade autónoma, para axilizar ao máximo o pago a empresas e particulares que teñan algún contrato ou algunha subvención recoñecida coa Administración autonómica, en colaboración coas entidades financeiras operantes

en Galicia, que aceptarían ese documento para adiantar o pago que logo recibirían da Administración..”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 3, apartado 3, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

47.^a Resolución

“Na loita contra a crise económica e os seus efectos e para facilitarlles liquidez ás empresas e aos particulares ante a actual conxuntura de crise económica, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Establecer un compromiso de pago máximo de 30 días para as facturas emitidas a partir de agora para os pagos da Administración autonómica, que deberá ser acadado, a través dun calendario de aplicación progresiva, en marzo de 2011.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 3, apartado 5, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

48.^a Resolución

“Para traballar nun medio ambiente que desemboque nunha sociedade máis sustentable, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Aprobar un plan de residuos que promova a redución en orixe, a reciclaxe e a reutilización e que defenda os principios de complementariedade dos modelos de xestión de residuos e de proximidade no tratamento destes.”

Aprobada por 62 votos a favor, ningún voto en contra e ningún voto en contra e 12 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 28, apartado 6, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

49.^a Resolución

“Na loita contra a crise económica e os seus efectos e co obxecto de contribuír a lograr unha reactivación da economía en Galicia e de poñer a Administración autonómica ao servizo dos cidadáns, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Promover un gran acordo cos axentes sociais e cos partidos galegos con representación parlamentaria para o impulso dun programa de reactivación económica e de emprego, ao longo do actual período de sesións, por medio do oportuno instrumento parlamentario.

2. Deseñar un plan de loita contra a fraude fiscal que garanta o control das actividades suxeitas a impostos, taxas ou prezos públicos de competencia autonómica e deseñe, en colaboración coa Axencia Tributaria, as liñas de actuación para a detección da fraude fiscal e da economía somerxida en Galicia.

3. Afondar na eficacia do noso sistema fiscal e no desenvolvemento da nosa autonomía fiscal, para o que o Goberno galego debe aprobar no ano en curso o Proxecto de lei da Axencia Tributaria de Galicia.

4. Negociar coa Administración central unha modificación dos criterios de repartición e da contía do Fondo de Compensación Interterritorial. A dita revisión deberá proporcionarlles ás comunidades que, como Galicia, presenten un PIB per cápita por debaixo da media española, unha dotación que lles permita compensar a diminución de fondos procedentes da Unión Europea, garantindo a discriminación positiva que facilite o proceso de converxencia.

5. Definir para cada unha das medidas de política económica que poña en marcha un conxunto de indicadores que permitan o seu seguimento e a súa avaliación e facilitar a difusión e o coñecemento da cidadanía do grao de cumprimento das medidas e dos obxectivos.

6. Revisarlle os criterios de asignación de proxectos e obras á Sociedade Pública de Investimentos, de xeito que só poidan efectuarse con cargo ao investimento deste organismo obras novas, impedindo a realización de obras de conservación e mantemento, que deben ser asumidas de xeito directo polo orzamento das consellarías da Xunta de Galicia.

7. Axilizar a xestión dos fondos europeos á disposición da Comunidade Autónoma, anticipando a súa execución, para beneficiarse da asignación dos fondos de reserva. A Xunta de Galicia informará de xeito trimestral ao Parlamento de Galicia sobre os avances acadados.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 1, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

50.^a Resolución

“Na loita contra a crise económica e os seus efectos, e co obxecto de recortar o gasto non produtivo e lograr unha administración autonómica mais eficiente, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Impulsar a e-administración para lograr a realización de procesos, concursos ou consultas *on-line*, axilizar os tempos de tramitación e conseguir a redución dos gastos correntes, tanto da administración como dos administrados.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 2, apartado 5, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

51.^a Resolución

“Na loita contra a crise económica e os seus efectos e co obxecto de promover a internacionalización das empresas galegas e a atracción de investidores estranxeiros, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Asinar a través do Igape un convenio de colaboración co ICEX para aproveitar a súa rede de conexións cos principais centros económicos e financeiros, tanto para promover a internacionalización das empresas galegas como para lograr a atracción de investimentos estranxeiros.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 5, apartado 2, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

52.^a Resolución

“Na loita contra a crise económica e os seus efectos e no ámbito dun correcto e equilibrado desenvolvemento dos sectores industriais, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Aprobar un plan específico para empresas de base tecnolóxica con fortes expectativas de desenvolvemento futuro que presenten un elevado valor engadido, como a biotecnoloxía, as TIC, etc.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 6, apartado 3, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

53.^a Resolución

“Na loita contra a crise económica e os seus efectos e para a promoción dun turismo xerador de emprego e vertebrador, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Elaborar, no prazo de tres meses, un plan estratéxico de turismo que permita articular nunha rede todos os recursos turísticos, que diversifique a comercialización de produtos e mercados, supere a estacionalidade e se concerte coas administracións locais e o sector privado para acadar unha acción turística de escala.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 9, apartado 1, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

54.^a Resolución

“Na loita contra a crise económica e os seus efectos e para a promoción dun turismo xerador de emprego e vertebrador, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Impulsar a reorientación do destino dos investimentos procedentes de fondos europeos nun marco estratéxico que permita a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apostar pola formación do capital humano e protexer e valorizar os contornos naturais como un elemento potenciador do turismo.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 9, apartado 2, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

55.^a Resolución

“Na loita contra a crise económica e os seus efectos e para a promoción dun turismo xerador de emprego e vertebrador, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Facilitar a divulgación e a promoción turística de Galicia a través dun convenio co Instituto Cervantes.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 9, apartado 5, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

56.^a Resolución

“No ámbito da mellora da seguridade nos seus diversos ámbitos, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a: Impulsar a elaboración dunha norma galega de autoprotección, no marco do desenvolvemento ao que remite a Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 16, apartado 1, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

57.^a Resolución

“No ámbito dunha maior cooperación e para acadar unha Unión Europea máis próxima, coñecida e útil, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Presentar semestralmente no Parlamento e facer público un informe sobre o estado da acción exterior en relación coa Unión Europea no que se fagan explícitas as xestións ante as institucións comunitarias, a participación nos organismos multilaterais e a presenza no Comité das Rexións. Igualmente incluírá os obxectivos da Xunta para o período da seguinte presidencia europea.”

Aprobada pola unanimidade das 74 deputadas e deputados presentes.

(Proposta de resolución núm. 18, apartado 1, do G. P. dos Socialistas de Galicia.)

58.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar a normativa precisa para que a partir do vindeiro curso 2010-2011 se garanta o equilibrio lingüístico entre as dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma no ensino non universitario, e o galego e o castelán sexan linguas de uso equilibrado no sistema educativo.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención

(Proposta de resolución núm. 85 do G. P. Popular de Galicia.)

59.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que continúe a defender, de acordo coas resolucións aprobadas por esta Cámara, a solvencia e a galeguidade das caixas de aforro de Galicia; o que na actual conxuntura leva consigo o impulso dun proceso de fusión das actuais caixas de aforro.”

Aprobada por 50 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención

(Proposta de resolución núm. 15 do G. P. Popular de Galicia.)

60.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que traslade ao Goberno central a resolución deste Parlamento

co obxecto de que retire o anunciado aumento do IVE, polos graves efectos prexudiciais que provocará no consumo e as súas consecuencias negativas para a recuperación económica.”

Aprobada por 50 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 13 do G. P. Popular de Galicia.)

61.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España a modificación urxente da Lei orgánica do réxime electoral xeral, co fin de dotar das máximas garantías o voto da emigración no sentido exposto na Proposición de lei aprobada en 2008 pola Cámara galega.”

Aprobada pola unanimidade das/os 74 deputadas/os presentes

(Proposta de resolución núm. 6 do G. P. Popular de Galicia.)

62.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, en relación co impulso do Xacobeo 2010, reclamar un compromiso firme por parte do Goberno do Estado na difusión e promoción, dadas as potencialidades e implicacións de todo tipo deste evento que o fai acreedor do apoio de todas as administracións públicas.

En particular:

- Que reconsidere a súa decisión de non promover durante o Ano Santo 2010 un sorteo específico da lotería nacional cuxos beneficios serían destinados a accións relacionadas coa promoción do Xacobeo.

- Que reconsidere a inclusión de só catro eventos en Galicia, do total de 328 culturais programados, con motivo da presidencia española da Unión Europea.”

Aprobada pola unanimidade das/os 74 deputadas/os presentes

(Proposta de resolución núm. 42 do G. P. Popular de Galicia.)

63.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de emprego para os colectivos con discapacidade e en risco de exclusión social que inclúa, cando menos, medidas de fomento da inserción laboral de persoas con discapacidade no mercado de traballo ordinario e protexido e que supoña a creación de unidades de asesoramento e intermediación dentro do Servizo Público de Emprego para facilitar a contratación de persoas con discapacidade, así como para apoiar as empresas que teñan contratado ou prevean contratar persoas con discapacidade, medidas de fomento da contratación, tanto indefinida coma temporal, dos traballadores discapacitados, e axudas á adaptación dos postos de traballo e á dotación de medios de protección persoal para as persoas con discapacidade.”

Aprobada por unanimidade das/os 74 deputadas/os presentes

(Proposta de resolución núm. 47 do G. P. Popular de Galicia.)

64.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Abordar, no ano 2010 e no marco do grupo de traballo coa Fegamp creado para o efecto no seo da Comisión Única de Seguimento do Pacto Local, a definición dos criterios do Fondo de Cooperación Local para os vindeiros anos.

2. Que se dirixa ao Goberno de España para demandarlle que proceda a remitirllas ás Cortes Xerais un proxecto de lei básica do goberno local que, respectando as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de administración local, aborde satisfactoriamente os problemas de financiamento das entidades locais.”

Aprobada por 38 votos a favor, 24 en contra e 12 abstencións

(Proposta de resolución núm. 5 do G. P. Popular de Galicia.)

65.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar, durante o ano 2010, a rede de albergues para peregrinos do Camiño de Santiago, concretamente acometendo a construción de novos albergues en Betanzos, Carral, Boimorto, Pontecesures, Trasmiras, Castroverde, Samos, Palas de Rei e Dumbría.”

Aprobada por 38 votos a favor, 24 en contra e 12 abstencións

(Proposta de resolución núm. 40 do G. P. Popular de Galicia.)

66.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, en colaboración coas administracións públicas implicadas, estableza medidas concretas que melloren as relacións contractuais no ámbito do sector lácteo, para favorecer a transparencia e a capacidade de negociación nas relacións comerciais entre os operadores da cadea alimentaria láctea.”

Aprobada por 62 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 60 do G. P. Popular de Galicia.)

67.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar, no ano 2010, a extensión no territorio galego dos parques de bombeiros contraincendios e de salvamento, nomeadamente na provincia de Lugo, de xeito que se complete e consolide o sistema galego de xestión das emerxencias nese ámbito de intervención.”

Aprobada por 38 votos a favor, 12 en contra e 24 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 3 do G. P. Popular de Galicia.)

68.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que este axilice a tramitación e execución dos proxectos en marcha que permitan a conexión por autovía entre o conxunto das grandes cidades galegas no menor tempo posible, en particular:

- As autovías Pontevedra-Vigo, Ourense-Lugo, Lugo-Santiago, Ourense-Ponferrada e a conexión Barreiros-San Cibrao.

- Así mesmo, que inclúa na revisión do PEIT o itinerario entre Pontevedra e Lugo.

- E que, conforme iso, elabore e faga público un calendario que conteña as previsións para lograr este fin.”

Aprobada por 38 votos a favor, 12 en contra e 24 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 19 do G. P. Popular de Galicia.)

69.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Demandar do Ministerio de Fomento a creación dunha xefatura de proximidades e a posta en marcha desta modalidade de transporte ferroviario no contorno das grandes cidades de Galicia.

2.- Negociar co Ministerio de Fomento a transferencia da xestión do servizo de proximidades co orzamento necesario, para que sexa competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a través do futuro Ente Ferroviario Galego”.

Aprobada por 38 votos a favor, 12 en contra e 24 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 20 do G. P. Popular de Galicia.)

70.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia acorda manifestar o seu apoio a un pacto entre as forzas políticas que faga posible a aprobación da modificación da Lei de ordenación urbanística e de pro-

tección do medio rural de Galicia co maior consenso posible, en consonancia coa súa consideración da Norma básica para a ordenación territorial de Galicia.”

Aprobada por 38 votos a favor, 12 en contra e 24 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 24 do G. P. Popular de Galicia.)

71.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar un proxecto de lei de montes que dote o país dun instrumento xurídico axeitado para encarar un adecuado desenvolvemento forestal en Galicia”

Aprobada por 38 votos a favor, 12 en contra e 24 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 63 do G. P. Popular de Galicia.)

72.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar, no ano 2010, a materialización dos traspasos competenciais xa comprometidos por acordo da Comisión Mixta de transferencias do 23 de decembro de 2008 e, en paralelo, a continuar a negociación da axenda proposta de dez novas transferencias, no marco do actual Estatuto de autonomía de Galicia, e aproveitando todos os mecanismos xurídicos existentes na normativa vixente”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 4 do G. P. Popular de Galicia.)

73.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a participación de Galicia nas organizacións rexionais europeas e na institución comunitaria na que as rexións están representadas. Así mesmo, ínsta a impulsar accións dirixidas a achegar a Unión Europea á cidadanía e ao tecido

empresarial galego, nomeadamente a través da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) e da Fundación Galicia Europa.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 7 do G. P. Popular de Galicia.)

74.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar medidas para reactivar a vida económica do país, procurando un adecuado funcionamento dos mercados como elemento fundamental de impulso fronte a crise. Con este obxecto instase a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento un proxecto de lei no que se defina un novo modelo e unha nova estrutura dos órganos autonómicos de defensa da competencia nos próximos seis meses, co obxecto de gañar en eficacia e garantir un funcionamento competitivo dos mercados.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 11 do G.P. Popular de Galicia.)

75.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar prioridade en materia de obras hidráulicas a todas as actuacións relacionadas ou centradas no saneamento das rías.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 17 do G. P. Popular de Galicia.)

76.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a acordar cos concellos das grandes cidades e das súas contornas a posta en marcha durante o presente ano 2010 dos respectivos plans de transporte metropolitano e da introdución do billete

único, incluíndo nesa planificación a mellora da accesibilidade do transporte de viaxeiros por estrada aos aeroportos e o transporte marítimo de ría, naqueles casos nos que se constata a viabilidade e eficacia deste medio de transporte”.

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 18 do G. P. Popular de Galicia.)

77.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar nesta Cámara, neste período de sesións, o Proxecto de lei de augas de Galicia.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 21 do G. P. Popular de Galicia.)

78.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a publicar, no prazo máis curto de tempo posible, a convocatoria do proceso de admisión a trámite de parques eólicos por unha potencia máxima de 2.325 Mw.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 25 do G. P. Popular de Galicia.)

79.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a racionalizar a estrutura administrativa en materia de I+D, creando a Axencia Galega de Innovación, coa finalidade de darlles ás políticas públicas autonómicas de I+D un desenvolvemento harmónico e unha execución integral, na procura de integrar e retornar resultados ás empresas e ao conxunto da sociedade e de darlles un pulo definitivo ás actividades de I+D+I en Galicia.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 26 do G. P. Popular de Galicia.)

80.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que o Igape, sen deixar de desempeñar as funcións financeiras de apoio ao noso tecido empresarial, reformule as súas políticas para colocarse nunha posición de axente transformador que participa conxuntamente co tecido empresarial no despregamento dun modelo produtivo baseado na internacionalización de alta competitividade, na incorporación de deseño e creatividade, na transformación permanente, na intelixencia produtiva e comercial e no apoio decidido ao emprendemento.

Para isto, deberase continuar incrementando os orzamentos dedicados polo Igape ao fomento da internacionalización das empresas galegas, a mellorar as liñas de apoio á internacionalización e a realizar prospeccións internacionais que favorezan a internacionalización das empresas galegas, contribuíndo a potenciar a imaxe de Galicia como marca e redefinindo a posición de Galicia no exterior.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 27 do G. P. Popular de Galicia.)

81.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a integrar dentro da implementación do Plan Agora, dirixido á mellora da competitividade do pequeno comercio galego, as seguintes accións:

- Potenciar a figura dos centros comerciais abertos e dos eixes comerciais como instrumento para o deseño de cidades sostibles, onde os cidadáns poidan acceder á oferta comercial sen necesidade de utilizar os medios de transporte, favorecendo o desenvolvemento das cidades.
- Prestarlles especial atención aos mercados municipais, conservando a súa tradición, levando a eles a modernización e resaltando o produto de calidade que neles se ofrece.

- Acadar a implicación da Administración local nas políticas de fomento e mellora do comercio urbano mediante o impulso das mesas locais do comercio entre asociacións e concellos.

- Poñer en marcha, no menor tempo posible, o Observatorio do Comercio.

- Implementar a Redic (Rede de Dinamización Comercial) en todo o territorio galego, para dispoñer canto antes dun enlace permanente entre o sector e a Administración, aca- dando a total descentralización das accións dirixidas ao comercio galego e levando a cabo as políticas de dinamiza- ción.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abs- tención.

(Proposta de resolución núm. 28 do G. P. Popular de Gali- cia.)

82.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Que se establezan axudas ao clúster do sector naval enca- miñadas á mellora da competitividade do sector

- Esixirlle de novo o cumprimento do compromiso de reali- zar as xestións oportunas, durante a presidencia española do Consello da Unión Europea, que permitan a construción naval-civil no estaleiro de Fene.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abs- tención.

(Proposta de resolución núm. 29 do G. P. Popular de Gali- cia.)

83.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, co fin de lograr una maior eficacia e proxección na extensión do uso do galego, e atendendo a unha priorización de secto- res estratéxicos, impulse en 2010 iniciativas dirixidas aos seguintes ámbitos:

a) Ás franxas de idade máis novas: posta en marcha de pro- gramas de transmisión lingüística que fomenten a aprendi- zaxe do galego, que aumenten a oferta de actividades lúdi- cas nesta lingua e que favorezan unha imaxe positiva deste idioma entre os máis novos.

b) Ao ámbito empresarial: visibilizar a aposta pola lingua galega como un activo empresarial.

c) Ás novas tecnoloxías: conectar a lingua galega cos avan- ces que se producen neste sector a través de ferramentas dixitais, telefonía móbil, paquetes ofimáticos, programas para a xestión de empresas, etc.

d) Á xustiza: impulsar a incorporación do galego á xustiza mediante a difusión de ferramentas de traballo, o avance na formación en galego dos seus profesionais e a potenciación da terminoloxía xurídica galega.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abs- tención.

(Proposta de resolución núm. 30 do G. P. Popular de Gali- cia.)

84.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que, unha vez completado o proceso de procura dos terreos e a tramitación para a licitación, se proceda á adxu- dicación, sinatura do contrato e inicio da obra, antes de que finalice o ano 2010, do novo hospital de Vigo.

2. Licitar e adxudicar no ano 2010 o proxecto básico archi- tectónico do novo hospital de Pontevedra.

3. Que, dentro do Plan director do Hospital Comarcal do Salnés, no ano 2010, inicie as obras de ampliación do bloque cirúrxico, pasando de tres a seis quirófanos, e de ampliación das urxencias.

4. Realizar, no ano 2010, as obras previstas do bloque obs- tétrico e de hospitalización de tocóxinecoloxía, así como a licitar a mellora da cuberta e da rampla de acceso no Hospi- tal da Costa, de Burela.

5. Continuar executando os plans directores da Coruña e Ferrol e a poñer en marcha o Plan director do hospital de Ourense.

6. Continuar a mellora das infraestruturas de atención primaria, licitando para iso no ano 2010 22 novos centros de saúde.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 36 do G. P. Popular de Galicia.)

85.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a programar un plan estatístico do turismo de Galicia con carácter anual no que se establezan con rigor metodolóxico os obxectivos que se esperan acadar e as diferentes operacións estatísticas que se poden desenvolver na nosa comunidade (contidos, estrutura, metodoloxías de análise, orzamento e recursos necesarios...)”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.”

(Proposta de resolución núm. 39 do G. P. Popular de Galicia.)

86.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha o Plan estratéxico de xuventude 2010-2013, que prevexa accións de carácter transversal ou específico en materia de xuventude, tendo como eixes fundamentais o fomento da creatividade e do espírito empresarial, a vivenda, a educación para o emprego, a saúde e o deporte, a información e a formación, a participación e o asociacionismo xuvenil, o voluntariado e a mobilidade da mocidade no mundo.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 55 do G. P. Popular de Galicia.)

87.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- elaborar un novo plan galego de voluntariado de carácter plurianual, que incida especialmente no voluntariado social, medioambiental e tecnolóxico.

- desenvolver un novo modelo de voluntariado xuvenil dotado cun mínimo de mil prazas, para que os mozos e mozas poidan exercer a súa solidariedade en entidades de acción voluntaria.

- liderar a extensión a outras comunidades autónomas do proxecto de voluntariado europeo “EU Camiño”.

- establecer programas de voluntariado e accións específicas orientadas a colectivos en risco de exclusión social.

- que a nosa comunidade teña un protagonismo especial na celebración en 2011 do Ano Europeo do Voluntariado, organizando unha programación que conclúa coa celebración dun congreso estatal de voluntariado.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 58 do G. P. Popular de Galicia.)

88.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á redacción e publicación dunha norma que recolla os requisitos necesarios para a creación dun rexistro de explotacións gandeiras dedicadas á produción de leite de calidade diferenciada; así como os requisitos de permanencia nel, como ferramenta de apoio ao sector lácteo e en xeral á actividade produtora de leite.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 61 do G. P. Popular de Galicia.)

89.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tramitar un proxecto de lei de mobilidade da terra que favoreza o dinamismo do uso e a xestión do territorio e que permita dotar a Comunidade Autónoma dun instrumento xurídico axeitado para encarar un adecuado desenvolvemento agrario respectuoso co medio ambiente.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 62 do G. P. Popular de Galicia.)

90.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer liñas de traballo conducentes a:

- unha correcta ordenación dos espazos mariños para o desenvolvemento de cultivos mariños dunha maneira eficaz e sostible; nomeadamente, que se delimiten e caractericen as zonas aptas para os cultivos mariños e outras actividades complementarias, así como que se determinen as especies permitidas, compatibles e prohibidas en cada unha das zonas e se racionalicen as concesións experimentais.

- unha máis ampla e exhaustiva explotación marisqueira dos espazos da costa, así como a determinar as accións que se van executar para a correcta delimitación das zonas, as medidas que se van adoptar para a súa posta en valor de produción e as determinacións das súas capacidades produtivas e de acollemento de emprego.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 65 do G. P. Popular de Galicia.)

91.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

a. Desenvolver cantas accións sexan posibles, no ámbito das súas competencias, de cara a defender o actual modelo de análise de presenza de biotoxinas mariñas en moluscos

bivalvos, así como dos niveis de referencia actualmente establecidos.

b. Desenvolver todas cantas medidas sexan posibles, no ámbito das súas competencias, para a correcta defensa do actual sistema integral de control da presenza de biotoxinas mariñas nos moluscos bivalvos, por considerarse o máis acaído para as necesidades e características do litoral e produción galega.

c. Dirixirse ao Goberno do Estado para que, no nome do Reino de España, na súa condición de estado membro da Unión Europea, desenvolva, no marco das súas competencias, as accións recollidas nas alíneas sinaladas anteriormente.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 66 do G. P. Popular de Galicia.)

92.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que, no nome do Reino de España, na súa condición de estado membro da Unión Europea, desenvolva as accións que sexan necesarias e pertinentes para acadar unha moratoria de cara a cumprimentar a necesidade de avanzar e simplificar a comercialización dos produtos extraídos nas zonas clasificadas como “C”.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 67 do G. P. Popular de Galicia.)

93.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar adiante todas cantas medidas se poden efectuar no ámbito das súas competencias e a dirixirse ao Goberno do Estado para que, no nome do Reino de España, na súa condición de estado membro da Unión Europea, desenvolva todas cantas accións sexan pertinentes para unha adecuada defensa dos

intereses do sector marítimo-pesqueiro galego ante a reforma da política común de pesca; nomeadamente, que se defendan os principios da postura galega acordados co consenso do sector no que atinxe a:

a. Altura: defensa dos dereitos de pesca e cambio do modelo de control cara a un modelo de esforzo pesqueiro.

b. Gran Altura: reformulación dos acordos de acceso a augas de terceiros países mediante a coordinación e a definición dos papeis da cooperación internacional e do desenvolvemento achegado por estes acordos de pesca.

c. Baixura: recoñecemento das especificidades da frota artesanal galega e das necesidades apareladas, ademais de valorar a súa capacidade para fixar poboación, xerar riqueza e afianzar un modelo sostible de explotación.

d. Marisqueo: recoñecemento das especificidades da extracción marisqueira galega e das necesidades apareladas, ademais de valorar a súa capacidade para fixar poboación, xerar riqueza e afianzar un modelo sostible de explotación

e. Acuicultura: adecuación aos contornos e determinación dun modelo sostible no económico, no social e no ambiental.

f. Mercados: avance cara a un mercado único baixo a premisa dun endurecemento dos controis nas importacións que impidan a asunción dun *dumping* laboral, económico e ambiental.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 68 do G. P. Popular de Galicia.)

94.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver, de acordo coas indicacións e en colaboración cos elementos da cadea mar-industria galega, unha estratexia de mellora da comercialización dos produtos do mar e, no seu seo, a traballar para a definición das liñas básicas das accións que se van desenvolver, no marco das súas competencias, no eido normativo e orzamentario de apoio e regulación da transformación e comercialización.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 69 do G.P. Popular de Galicia.)

95.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que, no nome do Reino de España, na súa condición de estado membro da Unión Europea, desenvolva todas cantas accións sexan pertinentes para revisar o acordo asinado pola Unión Europea con varios países da esfera asiática e Oceanía, nomeadamente Papúa Nova Guinea e illas Fixi, no que se recolle a eliminación arancelaria para o atún e os seus produtos derivados. Neste senso, que se establezan as medidas complementarias oportunas de cara a impedir que este e outro acordos se convertan nunha vía de entrada de produtos derivados de peixe capturado ilegalmente e transformado en condicións hixiénico-sanitarias deficientes e inferiores ás deparadas pola industria europea, española e galega.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 73 do G.P. Popular de Galicia.)

96.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que desenvolva todas cantas accións sexan pertinentes de cara a efectuar unha adecuada aplicación da Lei 9/2007, do 22 de xuño, que establecía a necesidade de efectuar unha regularización das embarcacións no senso de actualizar aqueles aspectos que non concordasen cos dispostos nos rexistros oficiais ao respecto.

Neste senso, establecer as adaptacións legais conducentes a:

b. Evitar a declaración de baixa de oficio da embarcación se, ao rematar o prazo do proceso, non se efectuou esta regularización.

b. Estudar a aplicación dunha prórroga adicional que permita a flexibilización do prazo de finalización do proceso e

a acollida do maior número de barcos posible ao procedemento de regularización.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 74 do G. P. Popular de Galicia.)

97.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pór en marcha a Comisión Interdepartamental de Igualdade, dentro da estrutura da Área de Igualdade da Xunta de Galicia, como órgano colexiado e institucional da Xunta que vele polo cumprimento da lexislación e normativa en materia de igualdade, que deberá estar composto por todos os departamentos da Xunta de Galicia, de cara a asegurar o cumprimento do principio de transversalidade de xénero da Lei 7/2004, galega, de igualdade entre mulleres e homes, no seu capítulo II.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 82 do G. P. Popular de Galicia.)

98.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero como órgano colexiado e institucional de Galicia que sirva para ter un diagnóstico da situación de violencia e axude a difundir a información sobre a dimensión real do problema da violencia contra as mulleres, proporcionando a información precisa para poder deseñar as estratexias que axuden a combatelo, en cumprimento da disposición adicional sexta da Lei 11/2007, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.”

Aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 83 do G.P. Popular de Galicia.)

99.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, para continuar no avance da reordenación do sector público autonómico, a racionalización do gasto público e a promoción da eficacia e eficiencia no ámbito da Administración institucional, presente no ano 2010 os seguintes proxectos:

1. O Proxecto de lei do Goberno e da Administración pública da Comunidade Autónoma, que actualice a vixente Lei da Xunta de Galicia e da súa Presidencia

2. O Proxecto de lei de entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, que estableza un modelo eficiente para os entes instrumentais.

3. Rematar o Plan de avaliación dos entes instrumentais dependentes da Xunta de Galicia, co obxectivo de acadar o seu redimensionamento.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 1 do G. P. Popular de Galicia.)

100.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver, no ano 2010, todas as actuacións necesarias para iniciar o despregamento da nova oficina xudicial en Galicia.

2. Deseñar e pór en marcha un plan de sistemas no eido xudicial en Galicia que contribúa á modernización da xustiza e, polo tanto, a lograr un servizo máis eficaz para os cidadáns, evitando colapsos e colocando a Galicia á cabeza das comunidades no acceso a unha administración de xustiza áxil, moderna e dinámica. O obxectivo debe ser facer efectivo o expediente xudicial electrónico, o achegamento de servizos á cidadanía a través de canles telemáticas, e a interconexión entre todas as administracións implicadas.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 2 do G. P. Popular de Galicia.)

101.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar o proxecto de reforma da Lei de función pública de Galicia para adaptala ao Estatuto básico do empregado público e avanzar na racionalización e na modernización do emprego público como premisa da efectividade do dereito dos cidadáns a unha boa administración.

2. Que, con carácter de urxencia, e a prol do principio de eficacia na planificación e xestión dos recursos humanos na Administración autonómica, a modificar a Lei da función pública de Galicia para posibilitar que os funcionarios doutras administracións públicas, que pasen a ocupar con carácter definitivo nesta Administración a través dos procedementos de provisión de libre designación e concurso de traslados, se integren nos corpos propios da Administración da Xunta.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 8 do G. P. Popular de Galicia.)

102.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, coa finalidade de incentivar selectivamente a adquisición de vivenda en Galicia, ademais de renunciar a incrementar os tipos do imposto de transmisións patrimoniais para adaptalos á suba do IVE impulsada polo Goberno central, a presentar nesta Cámara un paquete de medidas fiscais que:

- Rebaixe un 15% a ITP (do 7% ao 6%) para compras de vivendas que vaian a ser obxecto de rehabilitación ou reforma.

- Rebaixe un 30% (do 0,75% ao 0,5%) o ITP que se paga pola adquisición da primeira vivenda, e un 25% (do 1% ao 0,75%) da segunda vivenda.

- Rebaixe na mesma proporción o imposto de actos xurídicos documentados, para a formalización das hipotecas que financien as compras anteriores.

- Exima do pago do IAXD as operacións de constitución de hipoteca para a cancelación doutro préstamo, equiparando o seu custo fiscal ás operacións de subrogación.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 9 do G. P. Popular de Galicia.)

103.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o vindeiro ano:

1. Manteña as políticas de axuste e deestabilidade orzamentaria que garantan a sostibilidade dos servizos públicos fundamentais e acade o nivel máximo de investimento produtivo como elemento dinamizador da economía, recorrendo ao financiamento público-privado cando os recursos orzamentarios sexan insuficientes.

2. Mude o sistema incrementalista por unha efectiva orzamentación orientada a resultados, mediante a definición dos obxectivos estratéxicos e operativos que cada centro xestor dos programas presupostarios pretenda acadar, establecendo estes obxectivos en consonancia co marco estratéxico sinalado para cada área da acción de goberno, así como implementando un sistema de indicadores dos resultados obtidos para cada un deles.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 10 do G. P. Popular de Galicia.)

104.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que no marco das accións encamiñadas a afrontar os efectos económicos da crise, presente no prazo de catro meses, e para que poida ser integrado nos orzamentos do ano 2011, un plan estratéxico 2010-2014 no que se plasmen os obxectivos estratéxicos para afrontar o futuro económico de Galicia dentro do proceso de concertación social.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 12 do G. P. Popular de Galicia.)

105.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, co obxecto de mellorar a liquidez das pequenas e medianas empresas de Galicia, se dirixa ao Goberno central para que:

1. Se modifique a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, co fin de que en consonancia coa Directiva europea 200/35/CE, se estableza un prazo máximo de pago de 30 días, ou excepcionalmente de 60 días.

2. Reforme a Lei do IVE, co fin de aplicar o criterio de caixa, para que o devengo do imposto se produza no momento do cobramento real, sexa total ou parcial, do prezo e polos importes efectivamente percibidos.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 14 do G. P. Popular de Galicia.)

106.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento e a poñer en marcha no transcurso deste ano 2010 un novo plan de residuos sólidos urbanos para Galicia, realizado con perspectiva de futuro, adaptado á realidade galega e acorde coas políticas comunitarias de redución, reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 16 do G. P. Popular de Galicia.)

107.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar nesta Cámara no ano 2010 o proxecto de lei de creación da Axencia Galega de Estradas.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 22 do G. P. Popular de Galicia.)

108.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a acelerar os trámites para o desdoblamento do Corredor do Morrazo e a súa conversión en autovía, empregando os mecanismos previstos na Lei de contratos do sector público que permitan a licitación e a execución das obras no menor prazo posible.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 23 do G. P. Popular de Galicia.)

109.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar no presente ano 2010 o novo marco de financiamento do sistema universitario, que, na procura do máximo consenso entre as partes implicadas, atenda os principios de equidade no financiamento, de financiamento por resultados e de eficiencia no sistema universitario de Galicia. O novo plan tratará de garantir que as universidades galegas contén con recursos suficientes para poder competir en calidade e excelencia docente e investigadora no marco do Espazo Europeo de Educación Superior.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 31 do G. P. Popular de Galicia.)

110.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar a formación docente en canto base fundamental da

mellora da calidade do sistema educativo galego. Para iso deberá actualizar e reformular o Plan de formación do profesorado, establecendo como prioridades, entre outras, as seguintes:

- Potenciar o uso instrumental dos idiomas estranxeiros para mellorar a competencia comunicativa de alumnado e profesorado.

- Incrementar a formación a distancia a través da plataforma de teleformación, facilitándolle así o acceso a unha ampla oferta educativa a todo o profesorado, nomeadamente ao das zonas rurais.

- Mellorar o coñecemento e uso das TIC, capacitando o profesorado de xeito que pase a formar parte activa da sociedade da información e do coñecemento.

- Favorecer a formación nas ferramentas que melloran a convivencia escolar e o clima de aula, facilitándolle a súa difusión a toda a comunidade educativa.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 32 do G. P. Popular de Galicia.)

111.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que impulse medidas, en materia de formación profesional, que contribúan a mellorar as competencias da mocidade e dos adultos, compatibilizando a formación co emprego, para favorecer a inserción laboral e a mellora da competitividade das empresas nas que desenvolvan a súa actividade.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 33 do G. P. Popular de Galicia.)

112.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias tendentes a lograr o maior reco-

ñecemento para a figura do profesor, coa finalidade de reforzar a autoridade institucional do docente, garantindo que as condutas contrarias ás normas de organización e funcionamento dos centros poidan ser corrixidas de xeito eficaz e proporcional e actuando tamén sobre os elementos e circunstancias que fomentan esas condutas, como o absentismo escolar, as situacións de conflito na convivencia, etc...”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 34 do G. P. Popular de Galicia.)

113.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover aquelas medidas que permitan incrementar as competencias lingüísticas dos galegos e das galegas, especialmente dos máis novos, en linguas estranxeiras, entre elas:

- Crear centros plurilingües, nos que se desenvolverán metodoloxías de aprendizaxe integrada de contidos e lingua.

- Mellorar a calidade da oferta nas seccións bilingües.

- Apoiar a comunicación oral con auxiliares de conversación, principalmente nos centros plurilingües, así coma nas seccións bilingües.

- Promover a formación e actualización de competencias nos profesores de idiomas, así como nos profesores doutras materias que a impartan en inglés (ou noutra lingua estranxeira), mediante un plan de formación específico e estadias noutros países.

- Establecer un sistema de acreditación de competencias lingüísticas do profesorado e do alumnado para animalos no progreso da súa formación.

- Aproveitar a potencialidade da rede de escolas oficiais de idiomas de Galicia, promovendo o uso eficiente dos seus recursos e medidas de mellora da calidade no servizo que deben prestar, diversificando a oferta para atender os sectores profesionais que o necesiten.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 35 do G. P. Popular de Galicia.)

114.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Introducir a vacina do pneumococo no calendario sistemático infantil de vacinación dunha vacina antipneumocócica conxugada de amplo espectro.

2. Introducir a recomendación da vacinación da gripe estacional nas persoas maiores de 60 anos.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 37 do G. P. Popular de Galicia.)

115.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que poña en marcha as medidas organizativas e de xestión (xestión por procesos, vías clínicas de alta resolución ...) que permitan garantir que a finais deste ano os pacientes máis graves (prioridade 1) teñan un tempo medio de espera cirúrxica inferior aos 30 días e, os de prioridade 2, inferior aos 60 días.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 38 do G. P. Popular de Galicia.)

116.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que leve a cabo as actuacións que sexan oportunas para a declaración do ano 2011 como Ano da Música na nosa Comunidade Autónoma.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 41 do G. P. Popular de Galicia.)

117.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través do diálogo social, impulse e desenvolva as medidas e accións do Plan autonómico de emprego 2010-2013, destinando a iso os recursos financeiros para potenciar a inserción laboral dos desempregados, mellorar a estabilidade e calidade no emprego así como fomentar o espírito empresarial.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 43 do G. P. Popular de Galicia.)

118.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver accións para facilitar o acceso ao emprego da mocidade de xeito que no Plan xuvenil de emprego se inclúan:

- Medidas e accións específicas sobre o emprego xuvenil, como información, orientación, formación e axuda á busca de emprego e contratación.

- Medidas de asesoramento e apoio técnico ao autoemprego e á creación de novas empresas por mozos, prioritariamente demandantes en busca activa de emprego.

- Medidas para o fomento, entre a mocidade, da economía social: traballadores autónomos, cooperativas e sociedades laborais.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 44 do G. P. Popular de Galicia.)

119.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver accións para facilitar o acceso ao emprego das

mulleres, de xeito que no Plan de emprego feminino se inclúan:

- Políticas de conciliación da vida familiar, laboral e persoal, aumentando a cobertura en escolas infantís, gardarías en empresas, axudas a familias con necesidades especiais, xornada laboral flexible, etc.

- Medidas específicas sobre protección do dereito ao traballo das mulleres, suprimindo desigualdades, en canto á incorporación, permanencia, promoción e calidade do posto de traballo, con medidas para a contratación de mulleres en condicións de estabilidade e calidade.

- A potenciación das iniciativas emprendedoras das mulleres como empresarias e traballadoras autónomas promovendo as medidas lexislativas, económicas, fiscais e sociais necesarias.

- O apoio ás empresas que aposten por fórmulas flexibles de organización do traballo, de xeito que lles faciliten o acceso ao mercado laboral ás mulleres que teñan ao seu cargo o coidado de menores, maiores ou dependentes.

- O apoio ao movemento asociativo, especialmente no dirixido a determinados colectivos femininos, para a plena integración laboral das mulleres inmigrantes, de etnia xitana, discapacitadas, drogodependentes, presas, así como ás medidas de apoio social dirixidas a facilitar a inserción laboral das mulleres que abandonen a prostitución.

- O apoio ás empresas que elaboren e poñan en marcha plans de igualdade para os seus traballadores.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 45 do G. P. Popular de Galicia.)

120.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver accións para facilitar o acceso ao emprego autónomo e emprendedor a través de iniciativas como:

- A posta en marcha dun programa de asesoramento ao emprego autónomo e emprendedor.

- O establecemento de axudas para a creación e posta en marcha do autoemprego autónomo e das fórmulas empresariais de economía social.

- A posta en marcha de medidas de difusión e promoción do autoemprego e das fórmulas de economía social.

- O establecemento de medidas de apoio ás iniciativas de autoemprego no ámbito local.

- A posta en marcha do Consello Galego do Autónomo.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 46 do G. P. Popular de Galicia.)

121.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar e a modernizar o Servizo Público de Emprego de Galicia, para mellorar a súa eficiencia e a súa capacidade de mediación no mercado de traballo mediante:

- Unha atención máis personalizada aos desempregados e unha busca máis eficaz e eficiente dos oferentes de emprego a través de itinerarios personalizados e programados.

- A potenciación e a coordinación real deste servizo coas restantes administracións públicas con competencia en materia de emprego.

- A intensificación e o desenvolvemento de plans e actuacións que impliquen a varios municipios.

- Actuacións concretas ante situacións de axuste laboral en determinados territorios especialmente afectados pola crise e a destrución de emprego, que, ademais das políticas activas de emprego, incorporen medidas de promoción económica, innovación e desenvolvemento de infraestruturas, e que colaboren coas entidades locais afectadas.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 48 do G. P. Popular de Galicia.)

122.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar, a través do diálogo social, o Plan estratéxico de prevención de riscos laborais de Galicia 2011-2013 antes de finalizar o presente ano, destinando a iso os recursos financeiros precisos para potenciar as políticas a prol da seguridade e saúde laboral e consolidar o ISSGA como o órgano técnico en prevención de riscos laborais.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 49 do G. P. Popular de Galicia.)

123.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á revisión da Lei de cooperativas de Galicia, para dotala dunha maior flexibilidade e dunha mellor adaptación ao marco económico e empresarial actual.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 50 do G.P. Popular de Galicia.)

124.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

- Despois do avance que supuxo a orde que lles permite aos concellos ter á súa disposición a partir do primeiro semestre do ano os fondos correspondentes ao Plan concertado, se fagan as xestións oportunas para que nos primeiros trimestres de cada ano poidan ter transferidos os cartos para atención social.

- Reclame ao Goberno central o financiamento dun mínimo do 50% do custo do servizo do Plan concertado para os concellos galegos.

- Reclame ao Goberno central o financiamento dun mínimo do 50% do custo do servizo do Plan xitano para os concellos galegos.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 51 do G. P. Popular de Galicia.)

125.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Que, dentro da súa liña de actuación para reducir os trámites da Lei de dependencia en Galicia de 12 a 6 meses, elabore un plan de mellora na tramitación administrativa da dependencia co fin de mellorar a súa eficiencia.

- Reclamarlle ao Goberno central que introduza as modificacións necesarias no sistema de financiamento do nivel mínimo para que se financie o 50% do custo de servizo ou prestación contemplado no PIA, e non segundo o nivel de dependencia, de xeito que se faga realidade a corresponsabilidade de sufragar ao 50% os gastos derivados da aplicación da Lei de dependencia.

- Reclamar do Goberno central que os convenios marco de colaboración a través do nivel acordado sexan de carácter plurianual e financien os custos de persoal para a tramitación do procedemento, o seguimento dos PIA e a formación tanto dos coidadores familiares coma dos profesionais, e que se estableza como criterio de repartición as ratios de persoal necesario para o correcto desenvolvemento da Lei de dependencia.

- Reclamarlle ao Goberno central a modificación dos artigos da lei non concordantes coa Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, aprobada por España e en vigor desde o 3 de maio de 2008, e concretamente os artigos 14, 29 e 33.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 52 do G. P. Popular de Galicia.)

126.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un mapa galego de equipamentos de servizos sociais equilibrado que optimice recursos e se achegue ao medio rural.
- Desenvolver o Catálogo de Servizos Sociais para poder planificar a oferta de servizos sociais axustada ás necesidades reais actuais e futuras.

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 53 do G. P. Popular de Galicia.)

127.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Desenvolver accións de fortalecemento e apoio da familia como unidade fundamental para o desenvolvemento integral das persoas.
- Presentar un proxecto de lei de apoio integral á familia.
- Elaborar un plan integral de apoio ás familias, no que se integren e coordinen as políticas dos distintos departamentos da Xunta, co obxecto de favorecer a mellora das condicións das familias galegas.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 54 do G. P. Popular de Galicia.)

128.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar no ano 2010 o Plan galego de persoas maiores 2010-2013.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 56 do G. P. Popular de Galicia.)

129.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar no ano 2010 o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 57 do G. P. Popular de Galicia.)

130.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, tendo en conta os estudos que está a elaborar en relación coa situación demográfica da nosa Comunidade Autónoma e co fin de acadar o máximo consenso social e político posible, presente unha proposta de Pacto polo rexuvenecemento de Galicia que inclúa medidas que se apliquen a curto, medio e longo prazo para a revitalización demográfica.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 59 do G. P. Popular de Galicia.)

131.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar o Plan director de ordenación dos recursos naturais da Rede Natura 2000 de Galicia.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 64 do G. P. Popular de Galicia.)

132.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a efectuar unha planificación de definición das necesidades e potencial

desenvolvemento das instalacións portuarias náutico-deportivas e de ocio, en compatibilidade ou complementariedade coas pesqueiras e comerciais, tendo en conta as disposicións actuais e as posibilidades futuras desta actividade como elemento dinamizador social e económico nas zonas costeiras.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 70 do G. P. Popular de Galicia.)

133.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver unha planificación estratéxica conducente a establecer un sistema portuario galego, que estaría constituído en torno a un único eixe, cunha xestión única que permitiría ofrecer servizos de transporte marítimo con criterios de competitividade, ao dispoñer de recursos suficientes, diferenciados e distribuídos para responder ás necesidades das empresas e clientes. Esta planificación deberá estar dirixida cara a un desenvolvemento integral dos peiraos comerciais existentes en Galicia, incluídos os de titularidade estatal, determinando as liñas de colaboración de cara a complementar as súas actividades e desenvolver sinerxías entre eles, sen prexuízo do mantemento da súa estrutura actual de regulación e xestión territorializada.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 71 do G. P. Popular de Galicia.)

134.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que desenvolva cantas xestións sexan necesarias, incluídas as modificacións normativas que se estimen oportunas, para permitir a presenza de medios humanos, en número suficiente e dotados con medios proporcionais á ameaza, das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado nas embarcacións que faenan na zona de risco do Índico occidental, para así garantir a debida protección das embarcacións e a seguridade e integridade dos seus tripulantes fronte aos ataques e intentos de asalto dos piratas.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 72 do G. P. Popular de Galicia.)

135.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar o operador público Retegal para que teña un rol relevante dentro do despregamento de novas infraestruturas de telecomunicacións mediante o aproveitamento da súa rede para implantar novos servizos e a permitir a reutilización dos seus centros e emplacements polos distintos operadores públicos e privados para axilizar e optimizar o desenvolvemento de novas redes de comunicacións.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 75 do G. P. Popular de Galicia.)

136.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á posta en marcha das medidas conducentes á integración da política audiovisual nunha soa entidade pública.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 76 do G. P. Popular de Galicia.)

137.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha, no transcurso deste ano 2010, un plan integral de emigración, adaptado á realidade das nosas comunidades galegas no exterior, con perspectiva de futuro, vocación social e que busque a integración dos mozos e mozas galegos residentes no exterior na vida social e cultural de Galicia.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 77 do G. P. Popular de Galicia.)

138.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a emprender as accións necesarias ante o Goberno de España para que, no transcurso deste ano 2010, se comprometan partidas orzamentarias específicas para axudar o mantemento das estruturas hospitalarias dependentes de entidades galegas no exterior achegando, como mínimo, unha cantidade igual ás da Xunta de Galicia.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 78 do G. P. Popular de Galicia.)

139.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reformar o marco normativo do deporte galego, nomeadamente a Lei do deporte de Galicia, procurando adaptala ás necesidades actuais da sociedade galega, nun marco consensuado, garantista e respectuoso coas súas particulares características.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 79 do G. P. Popular de Galicia.)

140.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Pór en marcha o conxunto de accións que garantan o desenvolvemento da administración electrónica na nosa Comunidade Autónoma.

2. Establecer unhas directrices estratéxicas comúns no ámbito das tecnoloxías da información e comunicación para todos os departamentos da Xunta de Galicia; e definir e pór en marcha unha estratexia tecnolóxica única para todos os departamentos da Xunta de Galicia.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 80 do G. P. Popular de Galicia.)

141.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pór en marcha o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero, en cumprimento do artigo 49 da Lei 11/2007, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, co obxectivo de dotar a rede galega de servizos de acollemento dun instrumento esencial para o tratamento das vítimas, e a súa plena reinserción á sociedade.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 81 do G. P. Popular de Galicia.)

142.^a Resolución

“O Parlamento de Galicia acorda, de acordo co Regulamento da Cámara, iniciar os trámites para a aprobación da Proposición de lei que lles permita exercer o dereito ao voto ás deputadas que se atopen en situación de baixa por maternidade ou, se é o caso, por xestación.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 84 do G. P. Popular de Galicia.)

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010.

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

8. Administración do Parlamento de Galicia

8.2. Persoal

Comunicación da convocatoria de eleccións á Xunta de Persoal efectuada polas organizacións sindicais Comisións

Obreiras (CCOO) e Confederación Intersindical Galega (CIG) (doc. núm. 29092)

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 22 de marzo de 2010, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Examínase a comunicación dos sindicatos CCOO e CIG na que poñen en coñecemento da Mesa da Cámara o seu propósito de celebrar eleccións totais o mes de maio de 2010.

Visto o disposto no artigo 5 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 156, do 8 de xuño de 2006) e o informe da Oficialía Maior.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Tomar coñecemento da comunicación da convocatoria de eleccións totais á Xunta de Persoal efectuada polos sindicatos CCOO e CIG, e acordar a publicación do escrito de promoción o día 23 de marzo de 2010 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* así como expoñelo nos taboleiros de anuncios da Cámara durante doce días hábiles.

2.º) Comunicarlle este acordo á Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.

José Manuel Baltar Blanco
Vcepresidente 1.º

ELECCIÓN A REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES NA EMPRESA

AVISO PREVIO DE CELEBRACIÓN DE ELECCIÓN

MODELO 1

De conformidade co disposto no art. 67, apartado 1 do Estatuto dos traballadores, comunícaselle ao órgano competente da Comunidade Autónoma, a nosa resolución de celebrar eleccións e a data de iniciación do proceso electoral na empresa (ou centro/s de traballo) que a continuación se indica.

DATOS DA EMPRESA

Nome da empresa **PARLAMENTO DE GALICIA**
Código de Identificación Fiscal ou NIF **S 1533001-B**
Nome comercial **PARLAMENTO DE GALICIA**
(No caso de celebrarse a elección de acordo co previsto no art. 63.2 do Estatuto dos traballadores, indíquese nos datos do centro de traballo os daqueles no que radicará o **comité de empresa conxunto** e márkese cunha "X" o seguinte recadro)

DATOS DO CENTRO DE TRABAJO

Nome **PARLAMENTO DE GALICIA**
Enderezo **HORREO, 63**
Concello **SANTAGO DE COMPOSTELA**
Comarca **SANTAGO-BARRAÑA**
Número de traballadores **92**
Código postal **15702**
Provincia **A CORUÑA**
Número de inscrición na Seguridade Social **15005039165**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

DATOS XERAIS **8 MAR. 2010**

Acordo nº
Calendario fixado para a celebración **Núm.: 29092**
Oficina pública de rexistro.....

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABAJO E BENESTAR
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA
17 MAR 2010
REXISTRO DE ENTRADA
N.º..... **A CORUÑA**

Número de aviso previo
Mes no que se prevé celebrar a elección **MAYO 2010**

Tipo de elección T ☒ TOTAL P ☐ PARCIAL
Promotores da elección

Data de iniciación do proceso electoral **23 ABRIL DE 2010**

No caso de que este AVISO PREVIO se cursara como AGRUPACIÓN DE CENTROS, é dicir, para a celebración de eleccións en todos os centros de traballo de empresa nunha mesma provincia, cúbranse os 2 epígrafes seguintes e márkese cunha "X" o seguinte recadro.

Número de centros de traballo na provincia á que afecta o aviso previo

Número de traballadores afectados polo aviso previo **92**


Comunidade o **16** de **Marzo** de 20 **10**

OS PROMOTORES

CCOO - CIG

Asdo.: pola organización sindical

Mano J. Díaz Vique **32410314**
SANTIAGO DE COMPOSTELA
(DNI)



sindicato nacional de cc.oo. de galicia
unión comarcal da a coruña

ou grupo de traballadores

(Nome e 2 apelidos)

(DNI)

(Sinatura)

59070



Visto o escrito de promoción de eleccións á Xunta de Persoal formulado polas organizacións sindicais Comisións Obreiras (CC.OO) e Confederación Intersindical Galega (CIG) (Rexistro de Entrada Consellería de Traballo e Benestar Departamento Territorial da Coruña, de data 17 de marzo de 2010) e tendo en conta o disposto no artigo 5 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, propónse á Mesa do Parlamento, a adopción do seguinte:

ACORDO:

Tomar coñecemento da comunicación da convocatoria de eleccións á Xunta de Persoal efectuada polas organizacións sindicais Comisións Obreiras (CC.OO) e Confederación Intersindical Galega (CIG), e acordar a publicación do escrito de promoción o día 23 de marzo de 2010 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, así como expoñelo nos taboleiros de anuncios do Parlamento de Galicia durante doce días hábiles.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010

O letrado oficial maior

Xosé Antón Sarmiento Méndez



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727